Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 24/04/2023 12:40:56
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2023 12:39:40
Nº Rexistro: 53040
Data envio: 24/04/2023 12:39:40.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a mellora do servizo de asistencia xurídica gratuíta en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea recoñece o dereito fundamental da cidadanía á Tutela Xudicial Efectiva. Así, establecese expresamente que toda persoa ten dereito a que a súa causa sexa oída equitativa e publicamente e dentro dun prazo razoable por un xuíz independente e imparcial, establecido previamente pola lei. Asemade prevese a prestación dun servizo de asistencia xurídica gratuíta para quen non dispoña de recursos abondo, sempre e cando a devandita asistencia sexa necesaria para garantir a efectividade de acceso á xustiza. En termos esencialmente análogos o referido dereito á tutela xudicial efectiva ven recoñecido na Constitución Española de 1978, arts. 24 e 119.

Como consecuencia das transferencias recibidas corresponde á Xunta de Galiza a efectividade do dereito á xustiza gratuíta para aquelas persoas que carezan de recursos para litigar, así como a organización da quenda de oficio, cuxa organización e execución ven realizando por medio dos Colexios da Avogacía de Galiza.

O XVI Informe do Observatorio da Xustiza Gratuíta, último publicado, pon de manifesto que Galiza segue a ser das Comunidades con competencias transferidas que

CSV: REXISTRO-El2eo3ra1-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2023 12:39:40
Nº Rexistro: 53040
Data envio: 24/04/2023 12:39:40.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menos inviste en xustiza gratuíta por habitante, aproximadamente un 33% por baixo da media do Estado.

No ano 2021, ao que se refire o informe, foron 45.781 o número de solicitudes do beneficio de xustiza gratuíta que tiveron entrada nos Colexios da Avogacía de Galiza, sendo confirmadas pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta aproximadamente o 84% das solicitudes tramitadas por este órgano, o que pon de manifesto que o 16% das solicitudes non obteñen o recoñecemento do beneficio solicitado.

Os asuntos para os que se solicita o beneficio de xustiza gratuíta son maioritariamente asuntos de carácter penal, 51,7%, sendo nun 28,3% relativos a procedementos da xurisdición civil.

Os datos anteriormente expostos evidencian que na meirande parte dos casos a actuación para a que se solicita avogado/a da quenda de oficio son de carácter penal, cuxa intervención non admite demora, polo que non é infrecuente que producida a designación e realizada a actuación profesional non se recoñeza o referido beneficio e xa que logo a Xunta de Galiza non asuma o pagamento da intervención profesional xa realizada.

Asemade o baremo actualmente vixente, se ben supuxo un recoñecemento do traballo e implicación das profesionais da quenda de oficio, así como do desfasado das indemnizacións que percibía. O certo é que existían actuacións profesionais que aínda non se contemplaban no baremo, que a evolución do IPC fixo que o recoñecemento pretendido ficase sen efecto. Así, a día hoxe, previsiblemente tamén á data de remate do convenio, algunhas compensacións son inferiores ás recoñecidas no 2017, e que a propia Xunta de Galiza no ano 2021 recoñecía escasas.

CSV: REXISTRO-El2eo3ra1-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2023 12:39:40
Nº Rexistro: 53040
Data envio: 24/04/2023 12:39:40.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cumprimento do disposto na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea exixe o establecemento dun sistema que garanta a todas as persoas, especialmente ás máis vulnerábeis, a posibilidade de acceso a un asesoramento técnico na defensa e protección dos seus dereitos fundamentais e liberdades públicas. Asesoramento que na actualidade ou ben non existe ou se presta grazas ao extraordinario compromiso social do colectivo profesional.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a promover a dignificación do servizo de xustiza gratuíta mediante a adopción, entre outras, das seguintes medidas:

1ª.- A actualización e ampliación dos módulos e bases das compensacións económicas pola prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta.

2ª.- Asunción do pagamento das actuacións profesionais realizadas en virtude das designacións efectuadas, aínda que posteriormente se denegase o beneficio de xustiza gratuíta.

3ª.- Establecemento dun servizo de asesoramento e orientación xurídica ás persoas en situación de vulnerabilidade para a defensa e proteccións dos seus dereitos e liberdades.

4ª.- A posta en marcha de campañas para a divulgación e coñecemento entre a cidadanía do servizo da quenda de oficio e de asistencia xurídica gratuíta."

CSV: REXISTRO-El2eo3ra1-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2023 12:39:40
Nº Rexistro: 53040
Data envio: 24/04/2023 12:39:40.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/04/2023 12:29:25

Iria Carreira Pazos na data 24/04/2023 12:29:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/04/2023 12:29:44

CSV: REXISTRO-El2eo3ra1-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/